

Poesía en Internet

Retagarda presenta hoxe na **Galería Sargadelos** os seus primeiros libros en soporte dixital. As editoriais non podían permanecer alleas ás novas tecnoloxías, e parece que Retagarda trata de apoveitar unha das grandes vantaxes que ofrece a rede, que é a accesibilidade de todos os usuarios dende a súa casa á información que circula por **Internet**. Por outro lado, trátase de libros de poesía, un xénero minoritario, que pese os esforzos das editoriais, vende moi pouco. Esta iniciativa parece algo así como o de se Mahoma non vai á montaña, a montaña irá a Mahoma. Esperemos que os posibles lectores de poemas non recúen ante a, máis ben pouca, emoción poética que supón ler uns versos nunha pantalla. Sen ir en contra do avance tecnolóxico, algunhas cousas teñen difícil substitución.